



## PROXECTO CAMPAMENTO ANPA A PONTE XUÑO E SETEMBRO

### 1. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER (DATAS DE REALIZACIÓN, DURACIÓN, CONTIDOS E METODOLOXÍA EMPREGADA NO SEU DESENVOLVEMENTO).

#### OBXECTIVOS


Este proxecto da ANPA ten como obxectivos:

- Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos pais, nais e/ou titores/as legais dos/as participantes.
- Educar en valores a través da cooperación e diversión, establecendo relacións sas, non competitivas e non conflitivas que contribúan a creación dunha sociedade máis igualitaria e sostible

Esperamos unha clara mellora na situación dos proxenitores que verán cubertas as súas necesidades de conciliación e unha mellora nos nenos e nenas participantes que veranse beneficiados por este programa ao desenvolver actividades para fomentar a educación en igualdade, a cidadanía e a sostibilidade.

O campamento ten como obxectivos xerais:

1. Fomentar que o alumnado disfrute e que o campamento sexa unha experiencia positiva, favorecendo o desenvolvemento persoal e social das persoas participantes.
2. Fomentar o respecto, o compañeirismo e a cooperación entre o alumnado.
3. Facilitar a práctica de actividades diferentes das que realicen na súa vida cotiá, creando actitudes sas respecto ao lecer e tempo libre e traballando a creatividade, a imaxinación e a iniciativa para o desenvolvemento dalgunhas actividades e xogos.
4. Descubrir formas diferentes de divertirse, desenvolvendo habilidades sociais necesarias para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
5. Favorecer as relacións das persoas, tanto cos seus iguais como cos adultos, asumindo e respectando as diferenzas individuais.
6. Participar activamente no desenvolvemento do campamento e as súas actividades, realizando actividades de pequeno ou gran grupo tendo comportamentos responsables e respectando normas básicas de comportamento.
7. Desenvolver unha actitude de respecto e coidado cara ao medio no que se desenvolve o campamento e implicarse no seu coidado.



8. Desenvolver hábitos de responsabilidade, tanto ante os actos que realiza, como no coidado das súas pertenzas.

## ACTIVIDADES

Este proxecto as seguintes actividades:

Os campamentos son unha nova iniciativa da ANPA para favorecer a conciliación das familias á finalización do curso académico e antes do inicio do seguinte, á vez que os nenos e nenas edúcanse en valores como a autonomía, a solidariedade, a boa convivencia e a sostibilidade. Cada campamento constará de 5 horas diarias, de 9 a 14h de luns a venres entre o 24 e o 28 de xuño, e entre o 2 e o 6 de setembro de 2024. As actividades a realizar serán as seguintes:

ACTIVIDADES LÚDICO-DEPORTIVAS	ANIMACIÓN Á LECTURA, TEATRO E CONTACTOS
<ul style="list-style-type: none"><li>● Pre-deporte</li><li>● Xogos tradicionais</li><li>● Xogos cooperativos</li><li>● Baile</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>● Representación</li><li>● Creación</li><li>● Improvisación</li><li>● Roll Playing</li></ul>

MANUALIDADES	XOGOS COEDUCATIVOS
<ul style="list-style-type: none"><li>● Debuxo</li><li>● Pintura</li><li>● Origami</li><li>● Reciclaxe</li><li>● Barro</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>● Contacontos</li><li>● Teatro</li><li>● Xogos cooperativos</li><li>● Elaboración de murais</li><li>● Asembleas</li></ul>

## DURACIÓN

O fin da creación deste campamento é posibilitar a conciliación familiar entre a última semana de xuño e a primeira de setembro. 2 semanas onde tradicionalmente atopar espazos que permitan a conciliación é complicada ao existir pouca ou nula oferta tanto pública como privada para estas semanas.

Así, a temporalización deste campamento é a seguinte:


Xuño dende o 24 ao 28 cun horario de 09:00h a 14:00h

Setembro dende o 02 ao 6 cun horario de 09:00h a 14:00h

## METODOLOXÍA UTILIZADA

A metodoloxía que usaremos no campamento estrá baseada en:

1. Utilizando as propias vivencias das/os alumnas/os como motivación para establecer unha



comunicación.

2. Propondo a participación das/os alumnas/os en actividades diversas e dinámicas.
3. Experimentando directamente cos recursos que nos ofrece o centro e a súa contorna.
4. Atendendo as necesidades individuais de cada alumna/o.
5. Educando aos alumnas/os en valores de igualdade de xénero.
6. Superando as dificultades derivadas da convivencia a través do diálogo.
7. Uso do galego como lingua vehicular.

Todo o proxecto basearase no Desing Thinking, baixo a premisa de nunca improvisar: Visualizar, Planificar e Actuar.

Trataremos de aplicar os coñecementos que nos ofrece a Neurociencia sobre o cerebro á hora de desenvolver os obradoiros, polo que utilizaremos técnicas baseadas no: Entrenamento Cognitivo, Clima Emocional, Mentalidade de Crecemento, Mindfulness, Traballo Cooperativo, Gamificación, etc.

A nosa metodoloxía será activa, substituiremos a teoría para desenvolver a práctica baixo a premisa de que o cerebro aprende moito mellor "facendo".

O denominador común da metodoloxía será así a practicidade, o rigor, o esforzo e o noso compromiso de alcanzar os obxectivos propostos.

## **ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E SEGUIMENTO**

A organización do programa será levada a cabo por persoal da ANPA

A estrutura do proxecto será a seguinte:

Fase Previa: Preparación e difusión. Deseño das actividades, programación, difusión e selección das persoas participantes

Fase central: Realización das actividades. Inscripción das persoas participantes, realización das actividades e avaliación continua.

Fase Final: Avaliación e difusión. Avaliación de resultados e difusión dos mesmos.

Equipo de execución: A coordinación, xestión e seguimento será levada a cabo por persoal da ANPA, a execución das actividades será levada a cabo por unha empresa de contratación externa que aportará aos monitores/as especializados.



## 2. MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS PREVISTOS

### MEDIOS MATERIAIS

- Recursos pedagóxicos para levar á práctica cos nenos e nenas (Vídeos, contos, cancións, películas, xogos)
- Recursos de apoio: materiais para poder executar as actividades previstas
- Equipamento: todos os recursos dos que dispón o CEIP A PONTE

### MEDIOS PERSOAIS

Prevese que os medios persoais para executar este campamento é de 10 monitores de ocio e tempo libre por quenda (10 para a semana do mes de xuño; 10 para a semana do mes de setembro.).

A ratio media por monitor/a sera de 12 nenas/os.

A xestión do persoal para poder realizar a actividade será mediante a contratación externa do servizo.

- Perfil do posto de traballo: Monitora de ocio e tempo libre (Un monitor/a cada dez nenos/as)
- Funcións: Desenvolver todas as actividades previstas nos campamentos 2024
- Inicio e fin: Do 24 ao 28 de xuño e do 2 ao 6 de setembro de 2024.
- Xornada: 5 horas día.
- Vinculación: Contratación externa.

## 3. INDICACIÓN DE COMO SE ATENDERÁN AS NECESIDADES DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE


Todas as ubicacións de desenvolvemento do proxecto contarán con medidas de accesibilidade.

Atención específica a estes alumnos/as e todas as persoas con necesidades especiais contarán con persoal adaptado para a súa atención e participaron de forma activa nas sesións, Adaptando as actividades ás súas necesidades..

## 4 . PUBLICIDADE E DIVULGACIÓN QUE SE REALIZARÁ

A páxina web da ANPA así como as redes sociais serán o medio dixital para dar difusión da posta en marcha do proxecto.

<https://aponteanpa.gal/campamento/>



<https://www.facebook.com/aponteanpa>

Así mesmo colocaranse carteis informativos no centro e en todos os lugares onde se desenvolverán as actividades.

## 5. NÚMERO DE FAMILIAS E PERSOAS QUE ESTÍMASE QUE PARTICIPARÁN

	MULLERES	HOMES
ALUMNADO	110	70

## 6. CRITERIO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas ofertadas seguiranse os establecidos na convocatoria da subvención no seu artigo 28.3

## 7. INDICADORES DE AVALIACIÓN

Para a avaliación das actividades do proxecto elaboraranse e analizaranse enquisas de satisfacción, empregando a ferramenta Google forms para as familias e en soporte papel para o alumnado.

Con respecto aos indicadores, utilizaremos 2 para medir os resultados do proxecto:

- Nº de persoas participantes en cada actividade desagregado por sexo
- Porcentaxe de satisfacción das persoas participantes